

PROCESO DE ADMISIÓN E MATRÍCULA CURSO 2018-2019

DECRETO 254/2012, DE 13 DE DECEMBRO E ORDE DO 25 DE XANEIRO DE 2017 QUE MODIFICA A ORDE DO 12 DE MARZO DE 2013

1. PROCESO DE ADMISIÓN

- **1 ao 15 de febreiro:** Reserva de praza nos centros adscritos.
- **Antes do 1 de marzo:** Publicación de postos vacantes
- **Do 1 ao 20 de marzo:** Presentación de solicitudes de admisión (só alumnado novo)

DOCUMENTACIÓN ADMISIÓN:

- ✓ Documento acreditativo do requisito de idade do alumno/a (DNI, Libro de Familia...)
- ✓ Certificado oficial do expediente académico (Certificado de matrícula)
- ✓ Sentencia xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador donde conste a custodia do menor de ser o caso.
- **Antes do 25 de abril:** Publicación listaxes provisionais de admitidos.
- **Antes do 15 de maio:** Publicación listaxes definitivas de admitidos.

2. POSTOS ESCOLARES OFERTADOS:

- Ed. Infantil 18 alumnos/as
- Ed. Primaria 25 alumnos/as por unidade
- ESO 30 alumnos/as por grupo

3. PRAZOS DE MATRÍCULA:

- **Do 20 ao 30 de xuño:** Ed. Infantil e Ed. Primaria (O alumnado que xa estea escolarizado no CPI non ten que formalizar a matrícula. Só para alumnado novo).
- **Do 25 de xuño ao 10 de xullo:** Educación Secundaria Obrigatoria.
- **Do 1 ao 10 de setembro:** Prazo extraordinario para alumnado da ESO.
- Se finalizado o prazo de matrícula, non se formalizase esta, decaerá o dereito á praza obtida.

4. CENTROS ADSCRITOS AO CPI DE XANCEDA

- EEI de Olas
- EEI de Visantóña

5. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Comedor e transporte escolar.

O alumnado que solicite ou obteña praza nun centro distinto ao que lle corresponda, segundo a distribución das áreas de influencia establecida polos titulares das xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación e O.U., non terá dereito a ningún dos servizos complementarios establecidos con carácter gratuíto e sufragados pola Consellería.

Excepcionalmente, terán dereito aos servizos complementarios as irmás e os irmáns do alumnado xa escolarizado no centro con carácter forzoso.

A solicitude destes servizos efectuarase do seguinte xeito:

- As nais, pais ou representantes legais do alumnado que presenten solicitude de admisión ou formalicen matrícula, deberán indicar expresamente nestas se solicitan o uso dos servizos complementarios de comedor e transporte. Os/as alumnos/as que non teñan que facer matrícula (Ed. Infantil e Ed. Primaria) deben **durante o mes de abril**, comunicar ao centro se van ser usuarios do comedor ou non. Para isto hai un formulario que se facilita no centro ou se pode descargar da páxina web.
- A normativa reguladora dos servizos complementarios ven dada polo Decreto 10/2007 de 25 de xaneiro (comedores escolares) e Decreto 203/1986 de 12 de xuño (transporte escolar).

Solicitudes de reserva de praza e de admisión

A solicitude de reserva de praza e a solicitude de admisión de alumnado, realizaranse mediante os modelos anexo I (procedemento ED550A) e anexo II (procedemento ED550B), respectivamente. O formulario poderá cumprimentarse na aplicación <<admisionalumnado>> , ou descargarse e cumprimentarse de forma manual polas familias.

Os devanditos modelos tamén se poderán descargar, e logo cumprimentar, da Sede Electrónica da Xunta de Galicia, na dirección <http://www.xunta.es/portada>, e da páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, na dirección <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/21113> e na páxina web do CPI DE XANCEDA, na dirección edu.xunta.es/centros/cpidexanceda

Os centros educativos facilitarán, de forma gratuíta, unha copia en papel dos formularios ás persoas interesadas que a soliciten.

Os centros tramitarán igualmente as solicitudes que reciban en prazo respecto de niveis educativos nos que inicialmente non existan vacantes.

Formalización das solicitudes de admisión

A solicitude será única e poderase presentar de forma presencial no centro educativo que a rexistrará, ou de forma electrónica a través da aplicación <<admisionalumnado>> (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/>)

A solicitude presentada nun centro educativo poderá anularse mediante a presentación dunha nova indicando expresamente por escrito que quedan sen efecto a/s presentada/s con anterioridade. A renuncia á solicitude rexistrada nun centro só se admitirá ata o último día do prazo de presentación de solicitudes.

Logo do remate do devandito prazo a solicitude será vinculante. A duplicidade de solicitudes determinará a escolarización da/o alumna/o conforme ao procedemento subsidiario regulado no Capítulo IV da Orde.

A solicitude de admisión de alumnado poderá asinala calquera das persoas titulares da patria potestade, cando se refiran a fillas/os comúns dun matrimonio non separado legalmente nin divorciado ou dunha parella de feito debidamente inscrita no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia.

Nos demais casos requírese a sinatura dos dous titulares, agás que a patria potestade estea atribuída a un deles con carácter exclusivo, ou en situacións de violencia de xénero.

De constatare no expediente a separación ou divorcio dos proxenitores coa patria potestade compartida e a existencia dunha soa sinatura na solicitude, deberase requirir á proxenitora ou o proxenitor que a presentou que subsane a deficiencia ou, se é o caso, xustifique o motivo da omisión por calquera medio de proba admitido en dereito.

De existir unha discrepancia formulada expresamente por escrito pola proxenitora ou polo proxenitor que non asine, non se paralizará o expediente, sen prexuízo de que os feitos se poñan en coñecemento da xefatura territorial para o seu traslado, se é o caso, ao Ministerio Fiscal.

En espera da decisión xudicial, escolarizarase de forma cautelar ao menor no centro docente que corresponda, tendo en conta a solicitude formulada pola proxenitora ou o proxenitor que teña atribuída a garda e custodia e con quen conviva de forma habitual.